

Robert Pinsky naceu e medrou nunha pequena cidade turística de Nova Jersey. Nese mesmo estado comezou os seus estudos universitarios, para posgraduarse na de Stanford (California), grazas a unha bolsa de investigación. Logo de servir noutras universidades coma as de Chicago ou Berkeley, hoxe é profesor de Inglés e de Escrita Creativa na de Boston.

É autor de dezanove libros. Entre os de poesía, *The Figured Wheel: New and Collected Poems 1966-1996* (1996) foi finalista do Pulitzer e obtivo os Premios Lenore Marshal e Ambassador. Outros foron *The Want Bone* (1990), *Jersey Rain* (2000), *Gulf Music: Poems* (2008) ou a súa recente antoloxía persoal, *Selected Poems* (2011); iso a carón da primeira escolma en tradución ao español: *Ginza Samba* (2014). Tamén editor, crítico literario e tradutor de poesía, a súa versión do *Inferno* de Dante foi todo un éxito editorial e levou o Premio do Libro de *Los Angeles Times* e mais o premio de tradución Harold Morton Landon. Os seus volumes de prosas –maiormente ensaísticas e divulgativas arredor do feito poético– inclúen *A Situación da Poesía* (1976), *Os Sons da Poesía* (1998) ou a recente antoloxía-manifesto *Escola de canto: aprender a escribir [e ler] poesía estudando cos mestres* (2013).

Pinsky foi nomeado Poeta Laureado dos Estados Unidos en 1997 e permaneceu nese cargo durante tres anos, un feito sen precedentes e durante o cal intensificou o seu compromiso coa promoción da poesía. Naquel tempo botou a andar o proxecto do “Favorite Poem”, no que miles de americanos/as de toda orixe, xeración ou estado comparten os seus poemas favoritos. Galardoado co Premio Capri de Italia, o Manhae de Corea, o recoñecemento do PEN-Volcker ou o Premio a toda unha vida do Centro PEN americano, a súa sona e proxección mediática de Robert Pinsky fixo del o único poeta vivo que apareceu na serie *Os Simpsons*.

CANTO SAMURAI

Cando non tiven teito fixen da audacia o meu teito. Cando non tiven cea os meus ollos comeron.

Cando non tiven ollos escoitei. Cando non tiven ouvidos entendín. Cando non tiven entendemento esperei.

Cando non tiven pai fixen da responsabilidade meu pai. Cando non tiven nai abracei a orde.

Cando non tiven amigo fixen do silencio o meu amigo. Cando non tiven inimigo opúxenme ó meu corpo.

Cando non tiven templo fixen da miña voz o meu templo. Non teño sacerdote, a miña voz é o meu coro.

Cando non teño recursos a fortuna o meu recurso. Cando non teña nada, a morte será miña fortuna.

A necesidade é a miña táctica, o desapego, a estratexia. Cando non tiven amante fíxenlle as beiras ó sono meu.



(ROBERT
PINSKY)

Luns 2 de marzo
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Luís González Tosar





Fillo de emigrantes, **Luís González Tosar** naceu en 1952 na cidade de Bos Aires, e trasladouse a Galicia en 1969. Na Universidade de Santiago acadou Licenciatura en Filoloxía Hispánica–Sección de galego-portugués, e axiña se converteu en profesor de Lingua e Literatura galegas de ensino medio. Activista cultural da esfera galega, mais, á vez, cunha vocación universalista, foi fundador da revista Dorna, que coordinou durante a súa primeira década (1981-1991). Actualmente dirixe a colección de poesía Arte de Trobar. Ademais, é o presidente da Fundación Insua dos Poetas e mais do Centro PEN-Galicia, sección galega do PEN Internacional (unha sorte de asociación mundial de escritores/as) que comanda dende hai vinte anos e que acadou o Premio da Cultura de Galicia na modalidade de Promoción Exterior.

Estreouse nas letras en 1985 co aclamado *A caneiro cheo*, que foi Premio Esquíó e Premio Losada Diéguez. Seguíronlle *Seis cánticos labrados co recordo de seis cidades mouras* (1986) e *Remol das travesías* (1989), Premio da Crítica Española. Nos 90 publicou *Coa forza da palabra* (1993) e, para España e Latinoamérica, *Madeira do meu canto/Madera de mi canto* (1998). Outra obra bilingüe –esta en galego-catalán– viu a luz en Barcelona en 2001; o seu último título é *Estúrdiga materia* (2008), Premio da Crítica Galicia, publicada en tradución ao castelán en 2012. Ademais dunha chea de volumes colectivos, ten publicado libros tamén como autor de relatos e editor literario, e como ensaísta ocupouse sobre todo da obra de Xosé M^a Díaz Castro e de Eduardo Blanco-Amor. Colaborador do xornal La Voz de Galicia con varios galardóns pola súa traxectoria como columnista, a súa poesía ten sido traducida a varios idiomas e figura en numerosas antoloxías, facéndoo valedor –ademais das xa citadas– de distincións tan importantes como a Medalla Castelao.

AZROU, AMIGA TRISTE

*Cando nace a lúa branca das vendimas
aló no meu país de lumes no fisterra,
chego eu a Azrou, triste amiga montañesa
chantada no val fondo, ferida pola luz.*

*Coa noite van entrando as ringleiras dos homes.
Veñen do sur amargo e avantan lentamente,
están tiznados todos coa negra cor da fame,
quen labrou eses rostros?
por que me acenan as súas mans de medo?*

*Azrou, pequena amiga, non volvas a enseñarnos,
dame a bebe-lo sangue do corazón dun cedro,
abre os nimbos que pesan no alto destes montes
e que o poema recolla os labios dos amigos.*



(LUÍS GONZÁLEZ TOSAR)

Luns 2 de marzo
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Robert Pinsky

